

REBUSCANDO NA MEMORIA: RECITADOS INFANTÍS

Xaime Iglesias González

Realmente non sabía como chamarlle. Escollín a expresión "recitados infantís", pero podía poñerlle "cantarelas infantís", "xogos de linguaxe para nenos" ou calquera outra denominación, que seguro lle acaería mellor. Porque o que vén a continuación son unha especie de ditos infantís cuxa finalidade é variada. Unha veces dicíanse para facer rabiarse, outras para chamar a atención ou simplemente para rir e pasar o tempo. Pero, en calquera caso, eran xogos de linguaxe cos que os cativos practicabamos a fala. Algúns dicíanllos os adultos -pais, nais, irmáns, veciños... ós nenos, ás veces xa grandíños. Outros eran de uso exclusivo destes.

Para facer esta recadádiva axudáronme persoas próximas que me proporcionaron achegas interesantes. Pero a maior parte dos recitados que seguen son o resultado de rebuscar nos intrincados recunchos do fallado da memoria. Ó principio foi un labor difícil, pero despois foi tornándose doado. Tratábase dunha mestura de evocación voluntaria e espontánea: eu tiña intención de traer ó presente aquelas vivencias infantís, pero unha vez aberta a porta, comezaron a saír con fluidez, unhas de ganchete das outras, acompañadas, en moitos casos, dunha morea de gratas imaxes relacionadas.

Probablemente, a miña xeración sexa unha das últimas que se divertiron e xogaron con estas cantilenas. Os pais e as nais, envoltos no remuíño do traballo e do que se deu en chamar modernidade, non teñen demasiado tempo para dedicarlle ós nenos e menos aínda para andarlles con estes que, para moitos, son requilorios. É certo que os tempos son difíciles, pero estaría ben que as crianzas galegas coñecesen, practicasen e gozasen con estes e outros recitados que poden contribuír a vencellos ás nosas raíces e a abrílles as portas á nosa lingua.

Moitas persoas poden lembrar estes recitados ou variantes deles, pois xa se sabe que a oralidade, principal medio polo que se transmitiron tradicionalmente, propicia a variedade de formas. Pero tamén é moi posible que esas mesmas persoas sexan capaces de ampliar esta relación que, de ningún xeito, pretende ser exhaustiva. Quédame por advertir que a listaxe que segue preséntase ordenada sen un criterio formal e os títulos que encabezan cada grupo teñen a única finalidade de facilitar a lectura.

Relacionados con nomes de persoa

Este tipo de recitados dicíámolos para facer rabiarse a outros nenos que tivesen o nome expresado ou simplemente por entretermonos e rir.

Luis petís,
copa de caña,
copa de anís,
caeu da cama
rompeu o "narís"

Manoliño foi ó viño,
rompeu o xerro no camiño

pobre xerro, pobre viño,
pobre cu de Manoliño.



José, José
ata o porco polo pé
a galiña polo rabo
Caxe! Caxe! para o mercado.

Pepe, reepepe
camisa rachada
foi á cociña
comeu a pescada.
Lambeu e lambeu
e nunca se encheu.
Pepe reepepe
camisa cagada
meteuna no pozo
sacouna mollada.



Manolo pirolo
matou a muller
con sete coitelos
e unha "alfiler".

Xan Perillán
fixo unha casa
de merda de can.

Ramón, papón
toma as papas
por un garrafón.



Dolores!
Espadíns e boladores

Donato, rabo de gato


Rafael limpa o cu cun papel

Na casa de Andrés
só contan ata tres.

Rezos humorísticos

De nenos, era divertido ridiculizarmos algo tan serio como os rezos eclesiásticos.

Santa María!
morreu miña tía,
dábanlle papas,
non as quería,
dábanlle leite,
ben que o lambía.
Santa María!
morreu miña tía,
- cando se enterra?
- Mañá polo día.



Señor mío Jesucristo
para comer ando listo
Dios y hombre verdadero
para traballar non quero.

Orates frates
con rapaces
nunca trates.

"Por la señal de la" santa canal
comín touciño fíxome mal
pouseino nun prato
comeuno o gato
fun detrás del
me cago no gato!



"Padrenuestro"
aí vén o "maestro",
santificado
co pau levantado,
aparta "rapás"
que está rabiado

Relacionados co tempo atmosférico

Vaite chuvia, vente sol
polos campos de Ferrol.
Unha pombiña branca
puxo un ovo na "palanca"
a "palanca" devirouse
e o ovo escachouse.

Arco da vella
vaite de aí
que as nenas bonitas
non te queren a ti.



Relacionados co corpo

Case todos estes recitados repetíanolos os maiores (pais, nais, avoa...) día tras día. Os nenos rematabamos sabéndoos tamén.

Os dedos e a man

Este foi á vila
e non trouxo nada,
estoutro foi
e trouxo unha pescada.
este lavouna,
este coceuna
e este comeuña.

Nota: A persoa maior ía collendo o dedo correspondente do neno, comezando polo maimiño. Así resulta que o que comeu a pescada é o polgar, por iso está máis gordo cos outros.



Este é o dedo maimiño,
este é outro pequeniño,
este é o do medio,
este é o furabolos
e este o escochapiollos

Nota: En vez de escochapiollos, podía dicirse matapiollos. Igualmente neste recitado, a persoa maior vai collendo o dedo correspondente do neno, comezando polo maimiño.

Man morta

abre esta porta,
se ven o crego,
dille que está morta
e se non o está
a ti non che importa.

Nota: O adulto, segundo vai dicindo os versos, vai abaneándolle unha man do neno/a, que ha deixala "morta". Ó final dálle con ela un golpiño na cabeza.

Palma repalma

chica morena
- Como a queres,
grande ou pequena?
- Grande
- Pumba!
- Pequena
Pin!

Nota: Mentres se recitan os primeiros versos, van facendo círculos na palma da man á nena/o co indicador. Se a resposta é "grande" dálle unha palmada na man. Se a resposta é "pequena" dálle unha palmadiña.

**A cara**

Este queixo queixolán
esta boca pide pan
este "nariz" pis, pis
este ollo revirollo
esta testa "testaruda"
este peliño de burra!

Nota: Ó final despeitéase o neno pasándolle a aberta sobre a cabeza.

- Esta leira é túa?
- Si..
- E esta?
- Tamén..
- Pois... ¡para que queres este marco!

Nota: As leiras son as fazulas do neno/a. O marco é o nariz. Hai que simular que se lle arrinca o marco, innecesario

entre leiras do mesmo propietario. Para iso empregaranse o indicador e medio. Despois, ponse o polgar entre eles e ensínaselle ó neno como que lle arrincou o nariz de verdade.

**Outros relacionados co corpo****Coa auga do cu**

lávase a cara
para que nos libre "Dios"
dunha mala fada.

Nota: Axeitado para dicir cando se baña unha crianza.

Zapato zapatón

durme de noite,
de día non.

Nota: Estes versos aplicábanse cando o neno/a tiña o sono cambiado. Ó mesmo tempo que se pronunciaban estas palabras, batíaselle ó neno/a no cu co tacón dun zapato de home, suavemente, claro.

Para facer rabiar

Mexa na cama
fai un relo(xo)

Onde vas "rapás", co cu "pa"
atrás?

- Una vez ía un gaitero polo monte, queres que cho conte?
- Si
- Eu non che digo si. Eu digo: unha vez ía un gaitero polo monte, queres que cho conte?
- Conta
- Eu non che digo conta. Eu digo: unha vez ía un gaitero polo monte, queres que cho conte?
-?

- Eu non che digo ...?. Eu digo: unha vez ía un gaitero polo monte, queres que cho conte?

Nota: Este recitado non ten fin, depende da habilidade de quen pregunta. O preguntado remata enfadándose.

- Una vez ía un gaitero polo mar,
queres que cho volva contar?

Nota: Este recitado pode ter unha continuación semellante ó anterior.

- Como te chamas?
- Come castañas
e de apelido
caldo quecido

Predica meu cura,
predica meu frade.
Por un oído me entra
e polo outro me sae.



Era unha vez
un portugués
que cagou un peido
para volos tres.


- Dóeme a barriga
- Frégaa cunha espiga/ortiga

Se tes frío,
métete no río
Se tes calor,
métete no asador.

Respostas a quen fai que non entende

- Quen?
- O rabo da "sartén"
que frite moi ben.

- Que?
- O ollo do cu non ve



- Que pasa?
- Un burro pola túa casa
- E o tren pola vía
- Cala burro que xa o sabía

Adiviñas

Tres medias moscas
é/e mosca e media.
- Cantas moscas son?
(Sol. Mosca e media)



Unha señorita
moi enseñorada,
chea de remendos,
sen unha puntada.
- Que é?
(A galiña)


Curcuvico non ten ollos,
nin cu nin bico.
Os fillos de curcuvico
teñen ollos, cu e bico.
- Que é?
(Un ovo)



Cando vai para o monte,
dálle os cornos á casa;
cando vai para a casa,
dálle os cornos ó monte.
- Que é?
(A cabra)

Anda e non ten pés;
come, e non ten boca,
e toda a comida
lle parece pouca.
- Que é?
(O muíño)

Que cousa cousa é
que sempre está na casa
e sempre está mollada.
(A lingua)



Ten un só dente
e chama pola xente.
Que é?
(A campá)



Ía por un camiño,
encontrei a Manoliño,
saqueille o pantalón
e cominlle o pirolíño.
Que é?
(O plátano)

Que cousa cousa é
que nace na devesa
e come cos curas á mesa?
(A mosca)




Dous pés
enriba de tres pés
comendo un pé.
Veu catro pés
colleulle o pé
Entón dous pés
colleu a tres pés por un pé
e tiroullo a catro pés.
E catro pés deixou o pé.
-Quen son os personaxes?

(Clave: Un pé é un xamón ou unha pata dun tallo; dous pés, un home; tres pés, un tallo; catro pés, un can)

Relacionados con animais

Xoaniña voa voa
come pan e cebola.



Nota: Para dicir este recitado, había que ter a xoaniña na palma da man, dicirlo tres veces seguidas e a xoaniña voaba.

Unha vez era un gato marolo
que cagou un peido para ti
"solo".

Fuxe de aí raposo
do cu pioloso
non mates a galiña
da miña veciña.

Elioló ten un can branco
Elioló ten un can negro
E se Elioló o ten
a Elioló ninguén llo mantén

Moucho que estás no penedo
es de cartón, es de cartón
non che teño medo.

Para durmir

O meniño ten soniño
ganas de durmir non ten.
Abre un ollo e cerra outro,
mira se súa nai vén.



Pedro Chosco
e a Langaña
andan xuntos a porfía
Pedro Chosco
anda de noite
a Langaña anda de día.

Entroidadas

Para meter unha entroidada a unha persoa, era necesario irlle dicindo cousas para que pronunciasse unha palabra que rimase con outra que permitise o emprego de "entroido", "burro", "merda" ou outro termo escatolóxico. Se así sucedía, o que metía o entroido e os que oían, mofábanse dela.

Alí vai Manuel
-Que Manuel?
- O que leva os burros ó cuartel.

- **Cinco e cinco?**
- Dez.
- Fáltache a albarda que burro xa es.

Mira que altas van: (ó mirar, continuaba co seguinte verso)
As cagallas do meu can.

- **Vinte e vinte?**
- Corenta.
- Cagallóns para quen as quenta.

(Ás veces, o que levaba o entroido podía responder para meterlle a entroidada ó que empezaba)

- Quen as quenta non está aquí, os cagallóns son para ti.

- **Coñeces a Xan?**
- Que xan?
- O que leva os burros pola man.

- **Coñeces a Pedro?**
- Que Pedro?
- O que ten o cu negro.

- **Dúas e dúas?**
- Catro
- Lámbelle o cu ó gato



- **Cincuenta e cincuenta?**
- Cen
- Anda o burro no alcacén.

- **Que son esas?** (senalando as mimosas)
- Mimosas
- Leva o burros ás "chosas"

- **Teño medo?**
- A quen?
- Ó cu de Pedro.



Para enredar

- **Que che pon que che pesa?**
- Un neno/a sentado.
Outro/a axeonllábase, poñía a cara sobre as pernas do primeiro e pechaba os ollos. O que estaba sentado poñíalle un obxecto enriba do lombo e preguntáballe.
- **Que che pon que che pesa?**
- A tapa da artesa.
- **Que é?**

Nota: Se acertaba cambiaban os posturas. Gañaba o que máis acertase.

- **Pita cega, onde vés?**
- Veño de lavar os pés.
- Que atopaches no camiño?
- Un cachiño de touciño?
- Quen cho levou?
- O gatiño.
- A buscalo! A buscalo!



Nota: Era como un rito inicial para xogar á pita cega.

Totorotaina

Un neno/a poñía uns garavanzos, fabas, grans de millo ou pedriñas na man: Pechábaa e iniciaba o diálogo con outro.

- Totorotaina
- Majararaina
- Sobre de cantos?

(Dicía o número de unidades que pensaba que tiña na man)

Nota: Se acertaba o número, gañaba e pasaba a ser o que preguntaba. O xogo non ten fin.

Varios




Chucurruchú a onde vas vella

Chucurruchú a Redondela
 Chucurruchú a que vas alá
 Chucurruchú a buscar o sal
 Chucurruchú para que é o sal
 Chucurruchú para botarlle ó caldo
 Chucurruchú para que é o caldo
 Chucurruchú para darlle ás galiñas
 Chucurruchú para que son as galiñas

Chucurruchú para poñer os ovos
 Chucurruchú para que son os ovos
 Chucurruchú para darlle ó crego.

- **Mira que pisas** (Se o outro miraba para o chan, continuaba)
 Un par de camisas.

Pachín, pachín
 non sabes o que vin.
 Un gato na "ventana"
 tocando o violín.



Unha, dole, tele, catole
 quile, quilete
 cantaba la "reina"
 co seu cabalete

Alá arriba naquela montaña
 rapan o cu cunha fouzaña
 se vou alá, rápanmo a min
 pero a fouzaña é para min.

Aprende cachola que estamos na escola

- **Un avión xaponés**
 cantos peidos bota ó mes?
 - Un, dous, tres.

Serra, serra,
 madalena,
 ti polo mar
 e eu pola terra.

- **Pico, pico mazarico,**

quen che deu tamaño pico?
 - Deumo o Noso Señoríño
 para picar o camiño
 e piqueino e volvino repicar
 e leveino a Santiago
 Quen me compra este ladrón!



O Pedro Pérez
 e mais o Bandullo
 fan unha festa
 o martes de entroido

- **Ah!**
 A primeira palabra que o burro dá.

Xan Pericán,
 a cabalo dun can,
 o can era coxo,
 tirouno nun toxo.



...e acaba este conto
 con pan e pementos
 e todos contentos.